



O CASAMENTO DA PULGA

Antonio Fraguas Fraguas

Adaptación teatral:

María del Carmen Gómez Álvarez



CEIP de GALÁN
OSEIRO-ARTEIXO (Coruña)

O CASAMENTO DA PULGA

PERSONAXES:

Presentador	Rata
Narrador 1	Ra
Narrador 2	Sapo
Pulga	Gato
Mosca	Peixe
Formiga	Ave
Mosquito	Réptil
Araña	Pandereiteiras
Lobo	

MATERIAIS:

Mesa
Adornos mesa
Cesto de pan
Viño
Mantel
Carne
Carteis dos tipos de animais

ESCENA 1

(No medio do escenario están a pulga e a mosca. Diante, unha mesa onde se servirá o banquete nupcial. O gato anda por alí. Unhas veces descansa e outras dá voltas buscando algo que comer).

NARRADOR 1:

Unha pulga e unha mosca
trataron de se casar.

NARRADOR 2:

Fixeron as bolas xuntos
e faltáballes o pan.

(Pulga e mosca fan xestos expresando a falta de alimentos na mesa).

NARRADOR 1:

Saíu a formiga

do seu formigueiro.

FORMIGA:

(Entra en escena.)

Se queredes pan
eu son panadeiro.

(Pulga e mosca asinten coa cabeza e fan xesto de súplica. A formiga trae o pan e dállo á mosca que o coloca na mesa. Sae de escena.)

PULGA:

Agora meniña
panciño xa temos
fáltanos o viño
onde o atoparemos?

(Mosca expresa con xesto que non sabe e Pulga fai xestos expresando a súa preocupación).

NARRADOR 2:

Saíu o mosquito
do seu mosquiteiro.

MOSQUITO:

(Entra en escena.)

Se queredes viño
eu son arrieiro.

(Pulga e mosca asinten coa cabeza e fan xesto de súplica. O mosquito trae o viño e dállo á mosca que o coloca na mesa. Sae de escena.)

PULGA:

Agora meniña
viniño xa temos
fáltanos manteis
onde o toparemos?

(Mosca expresa con xesto que non sabe e Pulga fai xestos expresando a súa preocupación).

NARRADOR 1:

Saíu a araña
da súa arañeira.

ARAÑA:

(Entra en escena.)

Se queres manteis

eu son tecedeira.

(Pulga e mosca asinten coa cabeza e fan xesto de súplica. A araña trae o mantel e dállo á mosca que o coloca na mesa coa axuda da pulga. Sae de escena.)

PULGA:

Agora meniña
manteis xa temos
fáltanos a carne
onde a atoparemos?

(Mosca expresa con xesto que non sabe e Pulga fai xestos expresando a súa preocupación).

NARRADOR 2:

Saíu o lobo
detrás do valado.

LOBO:

(Entra en escena.)

Se queres carne
eu son obrigado.

(Pulga e mosca asinten coa cabeza e fan xesto de súplica. O lobo trae a carne e dállo á mosca que o coloca na mesa. Sae de escena.)

PULGA:

Agora meniña
carniña xa temos
fáltanos padriño
onde o atoparemos?

(Mosca expresa con xesto que non sabe e Pulga fai xesto de buscar entre o público e o escenario).

NARRADOR 1:

Saíu a rata
por detrás do muíño.

RATA:

(Entra en escena pero non se achega xa que o gato axiña vai a cazala. Escapa correndo mentras a persegue o gato. O gato caza á rata e esta berra pedindo auxilio.)

Agarraí no gato
eu serei padriño.

(Pulga e mosca levan o gato á súa manta e razoan con él. O gato queda alí tranquilo. A rata fai xesto de compoñer á roupa que leva posta. Pulga, mosca e rata volven á mesa. A rata colócase a carón da mosca.)

PULGA:

Agora meniña
padriño xa temos
fáltanos madriña
onde o atoparemos?

(Mosca expresa con xesto que non sabe e Pulga fai xesto de buscar entre o público e o escenario).

NARRADOR 2:

Saíu unha rá
pola auga fría.

RÁ:

(Berra dende o público.)

Mandaime recado,
eu serei madriña.

(Pulga e mosca dinlle con xestos que suba ao escenario).

PULGA:

Agora meniña
madriña xa temos
fáltanos danzantes
onde o atoparemos?

(Mosca expresa con xesto que non sabe e Pulga fai xesto de buscar entre o público e o escenario).

NARRADOR 1:

Saiu o sapo
por moi arrogante.

SAPO:

No día da voda
eu serei danzante.
(Baila.)

NARRADOR 2:

Foi un casamento
moi adevartido.

NARRADOR 1:

Alí tivo entrada
todo bicho vivo.

ESCENA 2

(Tocan a pandeireta as pandereteiras. O danzante baila. Os animais desfilan co cartel da clase de animal á que pertencen. Ensinan ao público, saúdan e van saíndo do escenario.)

Formiga e mosquito: insecto

Araña: arácnido

Lobo, rata e gato: mamífero

Rá e sapo: anfibio

Narrador 1: peixe

Narrador 2: ave

Presentador: réptil

Unha pandereteira: ser humano.

ESCENA 3

(Quedan só pulga e mosca. Diante das pandereteiras bailan unha muñeira.)

PANO